

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DA CULTURA GALEGA E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES GALLEGAS DE LA REPÚBLICA ARGENTINA PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS CONXUNTAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Presidenta do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar coa Federación de Asociaciones Gallegas de la República Argentina o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 10 de abril de 2019 ata o 10 de abril de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o acordo marco de colaboración cultural e de asistencia mutua organizando actividades conxuntas e labores de asesoramento.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Dende o ano 1992 creouse no seo do Consello da Cultura Galega o Arquivo da Emigración Galega que ten como obxectivo conservar a memoria da emigración galega recuperando o seu patrimonio documental.

Por outra banda a Federación de Asociaciones Gallegas de la República Argentina realiza unha importante labor cultural e de difusión da galeguidade na Arxentina, impulsando o Museo da Emigración Galega na Arxentina. Coincidindo o interese de ámbalas dúas institucións na promoción e difusión do inmenso legado cultural da emigración galega e máis da súa diáspora.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 10 de abril de 2019.

